

SESIÓN ORDINARIA DO CONCELLO PLENO CELEBRADA O DÍA VINTE E SETE DE XUÑO DE DOUS MIL DOCE.

No Concello de Láncara, sendo as doce horas do día vinte e sete de xuño de dous mil doce, réunese no Salón de Sesiós o Concello Pleno, para tratar dos asuntos contidos na Orde do Día, coa asistencia do Sr. Concelleiros: D. Ricardo Núñez Valcárcel, D. José Manuel Neira Castro, D. Andres Manuel Caballero López, D. José Manuel Alvarez Rodríguez, D. Carlos Fernández Díaz, D. Dario Antonio Piñeiro López, D. Pablo Rivera Capón, D. Oscar Rodríguez Somoza, D. José Manuel García Aldegunde e D. Carlos Santiago López Sierra.

Preside a Sesión o Sr. Alcalde D. Eladio Capón López, e actúa de Secretario D. José López Castro.

Aberto o acto pola Presidencia, dase conta dos seguintes asuntos:

1º- LECTURA E APROBACIÓN DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN CELEBRADA O DÍA QUINCE DE MAIO DE DOUS MIL DOCE.

2º.-DECRETOS 79 A 123.

3º.-DAR CONTA DO ESCRITO DO ALCALDE-PRESIDENTE A ASOCIACIÓN OS SETE CASTROS, SOBRE RENUNCIA AXUDA DO PROXECTO “ESTADIO DE FUTBOL MUNICIPAL”, E ACEPTACIÓN DA MESMA POR PARTE DE AGADER.

4º.- URBANIZACIÓN VALDRIZ.: NOTA SIMPLE SOBRE CARGAS REXISTRO PROPIEDAD DE SARRIA.

5º.-COMUNICACIÓN CONCELLO DE BECERREÁ: APROBACIÓN INICIAL DO P.XO.M.

6º.-SOLICITUDES RECOÑECIMIENTO DE TRIENIOS:

-MIGUEL DÍAZ BESTEIRO, SOLICITANDO RECOÑECIMIENTO 2 TRIENIO.

-INÉS LÓPEZ FARELO, SOLICITANDO RECOÑECIMIENTO 10 TRIENIO.

-JOSÉ LÓPEZ CASTRO, SOLICITANDO RECOÑECIMIENTO 10 TRIENIO.

7º.-LIMPERGAL S.L., XESTIÓN PUNTO LIMPO ANO 2011.

8º.- RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL, Nº 3

9º.-ASOCIACIÓN CLUTURAL VAL DE LÁNCARA, FACTURAS PREMIO RAMÓN PIÑEIRO “FACER PAIS” ANOS 2010 E 2011.

**10°.-SUPLEMENTO DE CRÉDITO Nº 1, POR IMPORTE DE 14.990,56 €
OBRA: “ADECUACIÓN DE PRAZA PÚBLICA E CREACIÓN DUN PARQUE
PARA A INFANCIA NO CAMPO DA FEIRA DE POBRA DE SAN XIAO”.**

**11°.-SUPLEMENTO DE CREDITO Nº 1 (APORTACION CONCELLO
OBRA ADECUACIÓN PLAZA PUBLICA E CREACIÓN DUN PARQUE PARA
A INFANCIA NO CAMPO DA FEIRA DA POBRA DE SAN XIAO (14.990,56 € E
FACTURAS CON CARGO O ORZAMENTO 2012, FINANCIADAS CO
PRESTAMO ICO: 21.838,25 €).**

**12°.-PLAN XERAL VALORACIÓN DA TOTALIDADE DAS
ALEGACIÓNS FORMULADAS NOS DISTINTOS TRÁMITES DE
INFORMACIÓN PÚBLICA.**

**13°.-ADHESIÓN AO CONVENIOMARCO 060 COAS
ADMINISTRACIÓN XERAL DO ESTADO-PROTOCOLO DE ADHESIÓN.**

**14.-NOMEAMENTO DE FILLO PREDILECTO AO DOUTOR D. XOSE
PEÑA GUITIAN.**

**15.-SOLICITUDE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA MAQUINARIA
PARA ARRANXO DE CAMIÑOS.**

16°.-MOCIÓNS:

**-MOCIÓN DO GRUPO DE GOBERNO, RELATIVA AO
MANTEMENTO DO NIVEL DE INVESTIMENTO NO PLAN DE OBRAS E
SERVIZOS.**

**-MOCION DO PARTIDO POPULAR, SOBRE O SERVIZO MUNICIPAL
DE AXUDA NO FOGAR.**

**-MOCION DO PARTIDO POPULAR SOLICITANDO A DIMISIÓN DO
PRESIDENTE E VICEPRESIDENTE PRIMEIRO DA DEPUTACIÓN DE
LUGO.**

17°.-ROGOS E PREGUNTAS.

**1°- LECTURA E APROBACIÓN DO BORRADOR DA ACTA DA
SESIÓN CELEBRADA O DÍA QUINCE DE MAIO DE DOUS MIL DOCE.**

Visto o borrador da acta da sesión celebrada o día quince de maio de dous mil doce este foi aprobado por unanimidade de tódolos asistentes.

2°.-DECRETOS 79 A 123.

Vistos os decreto nº 79 ó 123, ambos inclusive.

O Pleno dase por enterado do contido dos mesmos.

3º.-DAR CONTA DO ESCRITO DO ALCALDE-PRESIDENTE A ASOCIACIÓN OS SETE CASTROS, SOBRE RENUNCIA AXUDA DO PROXECTO “ESTADIO DE FUTBOL MUNICIPAL”, E ACEPTACIÓN DA MESMA POR PARTE DE AGADER.

Visto o escrito do Alcalde-Presidente de data 24-04-2012, rexistrado de entrada na Asociación Os Sete Castro o 24-04-2012, co nº 26, sobre renuncia axuda do proxecto “estadio futbol municipal”.

E vista a resolución de declaración de desistencia de axuda do director xeral de Agader de data 15-06-2012, rexistrada de entrada neste Concello baixo o nº 950, de data 22-06-2012.

Por parte do voceiro do PSG-PSOE D. Dario A. Piñeiro López, pon de manifesto que o seu grupo consideraba que esta obra era inviable e que descoñece si se pode cambiar para outra obras de menor presuposto e manifesta que este proxecto era a obra estrella na propaganda electoral do P.P. durante as eleccións municipais, e que debería rechazarse a esixencia de Agader que vincula a subvención a contratar persoal.

Polo Sr. Alcalde manifestase que xa se fixeron os trámites para cambiar a obra que agora solicitouse unha subvención para facer un “centro de interpretación Historico” en Carracedo e que no programa das eleccións ia ese proxecto e outros.

O Pleno por unanimidade,

ACORDOU:

1º.-Darse por informado da renuncia e da nova solicitude.

2º.-Facultar ó Sr. Alcalde para levar a cabo tódolos trámites relacionados con este asunto.

4º.- URBANIZACIÓN VALDRIZ.: NOTA SIMPLE SOBRE CARGAS REXISTRO PROPIEDAD DE SARRIA.

Vistas as cargas que perduran sobre os terreos (viais e zonas verdes) da Urbanización Valdriz que son 3 de carácter Público: Xunta de Galicia, Facenda Pública e Tesourería Xeral da Seguridade Social e unha privada José A. Pano López.

Por parte do voceiro do PSG-PSOE D. Dario A. Piñeiro López, pon de manifesto que se debería crear unha comisión política para intentar rematar este asunto.

Polo Sr. Alcalde manifesta que para que se quere unha comisión política, si xa se fixeron tódalas xestións necesarias e o Concello xa de forma indirecta está xestionando a urbanización, urbanización que está totalmente adaptada ó proxecto.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade,

ACORDOU:

1º.-Darse por enterado das cargas.

2º.-Comunicar as empresas tanto públicas como privadas que teñen anotadas debudas, recordandolles que se trata de “res extracomercio”, por conseguinte non é viable anotar embargos ó estar os bens obxeto das anotacións (viais e zonas verdes) fora de bens embargables, polo que deberán dar de baixa estes embargos.

5º.-COMUNICACIÓN CONCELLO DE BECERREÁ: APROBACIÓN INICIAL DO P.XO.M.

Vista a comunicación sobre a aprobación inicial do PXOM

Visto que o Concello de Becerreá linda co Concello de Láncara polos lugares de Villaesteva e o Furco.

O Pleno por unanimidade,
ACORDOU:

1º.-Comprobar si o límite que se fixa neste PXOM é acorde co real.

2º.-Facultar ó Sr. Alcalde para levar a cabo tódolos trámites relacionados con este asunto.

6º.-SOLICITUDES RECOÑECIMIENTO DE TRIENIOS:

-MIGUEL DÍAZ BESTEIRO, SOLICITANDO RECOÑECIMIENTO 2 TRIENIO.

Visto o expediente epigrafiado.

Visto que o 22 de maio de 2012, o traballador D. Miguel Díaz Besteiro, cumpriu 6 anos de servicio.

Visto que os trienios surten efectos económicos o día primeiro do mes seguinte ó que se cumpren os trienios.

O Pleno, unanimidade

ACORDOU:

Recoñecer a D. Miguel Díaz Besteiro o 2 trienio, con data 22-05-2012 e con efectos económicos do 01-06-2012.

-INÉS LÓPEZ FARELO, SOLICITANDO RECOÑECIMIENTO 10 TRIENIO.

Visto o expediente epigrafiado.

Visto que o 21 de decembro de 2012, a funcionaria deste Concello, D^a Inés López Farelo, cumpre 30 anos de servicio.

Visto que os trienios surten efectos económicos o día primeiro do mes seguinte ó que se cumpren os trienios.

O Pleno, unanimidade

ACORDOU:

Recoñecer a D^a Inés López Farelo, con data 21-12-2012 e con efectos económicos do 01-01- 2013, o 10 trienio.

-JOSÉ LÓPEZ CASTRO, SOLICITANDO RECOÑECIMIENTO 10 TRIENIO.

Visto o expediente epigrafiado.

Visto que o 28 de setembro de 2012, o funcionario deste Concello, D. José López Castro, cumpre 30 anos de servicio.

Visto que os trienios surten efectos económicos o día primeiro do mes seguinte ó que se cumpren os trienios.

O Pleno, unanimidade

ACORDOU:

Recoñecer a D. José López Castro, con data 28-09-2012 e con efectos económicos do 01-10- 2 012, o 10 trienio.

7º.-LIMPERGAL S.L., XESTIÓN PUNTO LIMPO ANO 2011.

Visto o estudio presentado pola empresa limpergal S.L., sobre a xestión do punto limpo ano 2011.

Visto o resumo do estudio económico, que é o seguinte:

GASTOS:

Man de obra	3950,00 €
Custo traslado contedores.....	2515,00 €
Custo tratamento residuos.....	4967,56 €
Total.....	11432,56 €
8% IVE.....	914,60 €
TOTAL FACTURA.....	12347,16 €

O Pleno por unanimidade,

ACORDOU:

1º.-Prestar aprobación o estudio de Limpergal S.L..

2º.-Facer efectivo o pago de 12.347,16 €

8º.- RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL, Nº 3

Visto o recoñecemento extrajudicial nº 3/2012

Vistas a relación de facturas que a continuación se relaciónan:

J. Salvador Bande Rivas, fac. nº 112, CIF:33834608-K, pedra blanca para a obra “jardines y aceras” e portes354,00 €.

O Pleno por maioría absoluta, o absterse os 4 Concellerios do PSG-PSOE,

ACORDOU:

1º.-Prestar aprobación ó recoñecemento extrajudicial Nº 3/2012, por importe de: 354,00 €, correspondente a factura relacionada anteriormente, con cargo ao remanente de Tesorería, Suplemento de Crédito Nº 3/2012.

2º.-Expoñelo ao público no B. O.P., polo prazo de quince días hábiles.

3º.-Pagar dita factura preferentemente, con cargo ao orzamento do 2012, unha vez suplementado, antes dos gastos corrientes do ano 2012.

9º.-ASOCIACIÓN CULTURAL VAL DE LÁNCARA, FACTURAS PREMIO RAMÓN PIÑEIRO “FACER PAIS” ANOS 2010 E 2011.

Vista a factura Nº 1, da Asociación Cultural Val de Lánacara, correspondente o premio Ramón Piñeiro “facer pais “, ano 2010, por importe de 1.219,00 €

E vista a factura nº 2, da Asociación Cultural Val de Lánacara, correspondente o premio Ramón Piñeiro “facer pais “, ano 2011, por importe de 828,00 €

Visto que polo Sr. Secretario informase, unha vez máis, que estos gastos deberíanse presentar dentro de cada exercicio, xa que estos gastos desvirtuan a realidade

económica do presuposto, e rompen por sistema o principio de anualidade dos orzamentos

O Pleno, por unanimidade,

ACORDOU:

1º.-Pretar aprobación o pago das dúas facturas, ano 2010: 1.219,00 € e ano 2011: 828,00 €.

2º.-Requerirle a Asociación Cultural Val de Láncara que para o caso de que no exercicio presente ou futuros axa subvención para estes fins, presenten as facturas dentro do exercicio económico, ou en caso contrario non se aboaran.

**10º.-SUPLEMENTO DE CRÉDITO Nº 1, POR IMPORTE DE 14.990,56 €
OBRA: “ADECUACIÓN DE PRAZA PÚBLICA E CREACIÓN DUN PARQUE
PARA A INFANCIA NO CAMPO DA FEIRA DE POBRA DE SAN XIAO”.**

Visto que para subvencionar a parte do Concello correspondente a obra “Adecuación da praza pública e creación dun parque para a infancia no Campo da Feira de Pobra de San Xiao” ten que aportar 14.990,56 €, con cargo a remanente de tesorería do exercicio pasado, sendo necesario por conseguinte facer suplemento de crédito,

O Pleno por maioría absoluto ó absterse os 4 Concelleiros do PSG-PSOE e o Concelleiro do BNG,

ACORDOU:

1º.-Prestar aprobación ó suplemento de crédito N 1/2012, por importe de: 14.990,56 €, con cargo ó remanente de tesorería do ano 2011, para financiar a aportación municipal da obras “Adecuación da praza pública e creación dun parque para a infancia no Campo da Feira de Pobra de San Xiao”

2º.-Expoñelo ao público no B. O.P., polo prazo de quince días hábiles.

**11º.-SUPLEMENTO DE CREDITO Nº 2 (FACTURAS CON CARGO O
ORZAMENTO 2012, FINANCIADAS CO PRESTAMO ICO: 21.838,25 €).**

Víastas as facturas:

Servicios Monteiro-Puebla, S.L., CIF:B27213446, fac. nº 49, centros de flores para festas dos maiores	108,00
Servicios Monteiro-Puebla, S.L., CIF:B27213446, fac. nº 48, centros de flores para bodas de oro.....	237,60
Singla Ingeniería S.L., CIF:B15678626, fac. nº F/2011/000135, Honorarios Proxecto “melloras red abastecemento en Láncar....	5.018,51
Jesús López Carreira, CIF:09365510W, fac. nº 79, asesoría Energéticas	618,00
Jesús y Páramo, S.L., CIF:B-27229921, fac. nº 61, reparacións Praza de Ribeira en Vilarello.....	696,20
Setramur S.L., CIF:B27147776, fac. Nº 992, 14 sinais.....	768,68
Diz Cerviño Salvador, CIF:33858098-M, fac. nº 709, honorarios mes de decembro	503,86
Arturo Rivera Díaz, NIF:34220067-T, vestuario de seguridade materiais augas	342,90
Limperial S.L., NIF:B27141159, fac. nº 20777, limpeza canalización , 22-12-11	1.038,40
Limperial S.L., NIF:B27141159, fac. nº 20778,limpeza canalización , 23-12-11	1.168,20

Walter, CIF: 33346400-B, fac. nº 16, parrillas para Reboredo, Barandilla Ponte Armea de Abajo	1.251,98
Foga, CIF: B-15490667, fac, nº 95007038, fotocopias	1.214,00
Wurth, S.L., Cif 15326036, fac. Nº 555 Wuintask contabilidade e presuposto	1.987,79
Wurth, S.L., Cif 15326036, fac. Nº 551 Wuintask augas	779,52
Moleskine, S.L.L., CIF:B27361955, fac. nº 2431, 1.000 subcapetas A4	656,08
Canon,CIF:A27142462,fac. Nº 1106738, fotocopias, máquina Juzgado de Paz	330,40
Diurbagal Galicia, Cif:B27314541,fac. nº A/50, 210 chaveiros para o Concello.....	731,01
Antonia Gómez Domínguez, NIF:76726990-W,fac. nº A-10318, 1250 calendarios para o Concello.....	2.813,12
Imprenta Galicia , CIF:B27371210,fac. Nº 1104160,axendas para o Concello.....	1.638,05

O Pleno por maioría absoluta, ó absterse os 4 Concelleiros do PSG-PSOE e o Concelleiro do BNG,

ACORDOU:

1º.-Prestar aprobación ó suplemento de crédito N 2/2012, por importe de: 21.838,25 €, con cargo ó préstamo do ICO, para financiar as facturas antes relacionadas.

2º.-Expoñelo ao público no B. O.P., polo prazo de quince días hábiles.

12º.-PLAN XERAL VALORACIÓN DA TOTALIDADE DAS ALEGACIÓNS FORMULADAS NOS DISTINTOS TRÁMITES DE INFORMACIÓN PÚBLICA, NON INFORMADAS PREVIAMENTE.

Visto que durante a tramitación e exposición pública do avance do PXOM producíronse trinta alegacións, numeradas correlativamente.

Visto que durante a tramitación e exposición pública da aprobación inicial do PXOM presentáronse 174 alegacións, informadas polo equipo redactor, tendo entrada dito informe neste Concello o 05-06-2006, Nº de rexistro de entrada 989, sendo notificados tódolos informes os alegantes, segundo consta no expediente, numeradas as alegacións segundo rexistro de entrada.

Visto que a alegación nº 1872, de 29-10-2007, formulada por D. Victor Calvo Vázquez non foi informada polo equipo redactor, ao día da data, si ben parcialmente ten razón na súa alegación, polo que debe ser aceptada parcialmente.

Visto que o Pleno pasa a facer valoración municipal da totalidade destas alegacións.

O Pleno por maioría absolutas o votar a favor 6 Concelleiros : 5 do P.P. e 1 do CDL e abstendose 5 Concelleiros : 4 do PSG-PSOE e 1 do BNG,

ACORDOU:

1º.- Informar favorablemente as alegacións números:1,2,3,4,5,6,7 B,10,11,12,13,14,15,16,17,18,19,20,21,22,23,24,25,26,27,28 a 29 que se realizaron durante a tramitación e exposición pública do avance e desfavorablemente as alegación nº 7 A;8 ;9 e 30.

2º.-Informar favorablemente as alegacións Números: 13,15, 24,29,31,32,33,36,37,42,62,63,64,65,69,70,71,72,79,80,86,87,88,89,94,95,96,98,99,100 ,101,102,107,108,120,121,122,124,125,127,133,134,135,138,139,142,150,151,154,159, 160,161,162,163,171,172,173,174,180,183,185,189,191,192,193,194,196,197,198,200, 201,202,204,205,207,210,215,221,223,225,226,227,228,231,232,233,234,235,236,237, 238,239,240,241,242,244,245,246,247,248,264,265,266,267,268,269,270,276,277,278, 283,284,286,287,289,290,291,292,293,301,302 e 309.

3º.-Se informan en parte favorablemente as alegacións: **78** favorable a 1ª e 3ª apartado e desfavorable a 2ª; **103** favorablemente a petición de inclusión de parcelas en zona de expansión do núcleo de Bande e desfavorable as parcelas das proximidades do núcleo de Neria de Rapados; **104** favorablemente a petición das 3 primeiras fincas e desfavorable a petición sobre a 4ª finca; **106** a favor de incluír a parcela do Norte do núcleo e desfavorable a do sur do núcleo; **109** favorable P. 12 parcela 119 e desfavorable a P.12 parcela 142; **126** favorable P 12 parcela 1420 desfavorable o resto;**136** favorable 7 parcelas desfavorable resto; **137** favorable a parcela chamada “Souto” desfavorable o resto de parcelas;**140** favorable P.12 parcela 120 desfavorable P. 12 parcela 446; **149** favorable las P 14 parcelas 78 e 83 e desfavorable resto; **152** favorable a corrección de erro, desfavorable pertenceren a núcleo;**153** favorable a primeira parcela desfavorable a segunda;**179** favorable P 9 parcelas 250 e 253 e desfavorable o resto; **186** favorable P 23 parcelas 891,894,e 900, desfavorable resto, **187** favorable P 9 parcela 331 desfavorable resto; **199** favorable P 14 parcela 1433 e desfavorable P 14 parcela 1439, 208 favorablemente todas as reclamacións desta alegación excepto no referente a parcela denominada “ponte”; **211** desfavorable P 4 parcelas 1159,136 e favorable o resto;**212 e 218** favorable P 9 parcelas 252,255,268, e P 23 655,882, desfavorable o resto; **213** favorable P 9 parcela 333, desfavorable o resto; **216** favorable P 9 parcela 251 e P 23 parcelas 657,658,883, desfavorable o resto; **219** favorable P 18 parcela 831, desfavorable o resto; **220** favorable P 23 parcela 703 desfavorable o resto; **222** favorable P 18 parcelas 275 e 570; **1872** favorable deixando dentro de núcleo rural as edificacións e desfavorable o resto.

3º.- Se informa desfavorablemente as alegacións números : 14, 49,61, 90,97,105, 123,128,141,148,178,181,182,184,188,190,195,203,206,209,214,224,229,230,282 , 285 e informase desfavorablemente a “alegación sin número Traslite camino del Castro “, por non constar esta alegación nin rexistrada nin comunicada o equipo redactor, nin constar a persoa que a fixo ó deberse tratar dunha reclamación formulada no despacho da redacción sen pasar polo Concello.

4º.-Non facer nova notificación ó estar realizada no ano 2006, tendo en conta que se respetaron os informes feitos polo equipo redactor, excepto na alegación sen número.

5º.-Remitir certificación deste acordo a Secretaria Xeral de Urbanismo, para a incorporación ó expediente da aprobación definitiva que obra en dito Organismo.

6º.-Facultar ó Sr. Alcalde para levar a cabo tódolos trámites relacionados con este asunto.

13º.-ADHESIÓN AO CONVENIOMARCO 060 COAS ADMINISTRACIÓN XERAL DO ESTADO-PROTOCOLO DE ADHESIÓN.

Visto que este Concello dende fai anos está en funcionamento o portelo único a través de convenio ca Xunta de Galicia (Consellería de Presidencia Administracións Públicas e Xustiza).

Visto que é convinte adherirse o convenio marco 060 Convenio marco de data 27 de abril de 2007, publicado no B.O. do Estado nº 160 de 5 de xullo de 2007 e no D.O.G Nº 131 de 6 de xullo de 2007, suscrito entre a Administración Xeral do Estado e a Xunta de Galicia, para a implantación dun modelo integrado de Atención ao Ciudadano no ámbito territorial de Galicia.

Visto que este Concello dispón de medios personais e materiais suficientes para poder adherirse a este convenio,

O Pleno por unanimidade,

ACORDOU:

1º.-Solicitar a adhesión o convenio marco 060 Convenio marco de data 27 de abril de 2007, publicado no B.O. do Estado nº 160 de 5 de xullo de 2007 e no D.O.G Nº 131 de 6 de xullo d0 2007, suscrito entre a Administración Xeral do Estado e a Xunta de Galicia, para a implantación dun modelo integrado de Atención ao Ciudadano no ámbito territorial de Galicia.

2º.-Remitir copia deste acordo xunto co resto da documentación (cuestionario para adhesión, nivel de servizo que se pretende prestar, datos sobre rexistro da entidade) a Xunta de Galicia Consellería de Presidencia Administracións Públicas e Xustiza., para que faga os trámites necesarios coa Administración Xeral do Estado.

3º.-Facultar ó Sr. Alcalde, para levar a cabo tódolos trámites relacionados con este asunto.

14.-NOMEAMENTO DE FILLO PREDILECTO AO DOUTOR D. XOSE PEÑA GUITIAN.

Visto o acordo tomado polo Pleno en Sesión celebrada o día 25 de abril de 2012.

Visto que o Doutor Peña Guitian figura inscrito no Rexistro Civil de Lán cara o día 31-08-1926, según acta de nacemento que obra no expediente.

Vista a súa bibliografía que obra igualmente no expediente.

Visto que polo Sr. Alcalde se propon igualmente que tamen se nomeen fillos predilecto ou fillos adoptivos as persoalidades recollidas na moción aprobada polo Pleno en sesión celebrada o día 15 de marzo de 2002, que non foron nomeados xa como tal .

Por parte dos dosveiros do PSG-PSOE e do BNG propoñen que tamen se deberían facer os trámites para nomear fillo predilecto o pintor e político D. José Cela Miguez.

Por parte do Sr. Alcalde respostaselle o voceiro do BNG que xa na lexislatura pasada quedou de facer as xestións co Vicepresidente da Deputación Sr. Bao para poñerlle un busto e unha placa en Carracedo e que inda se está pendiente das xestións.

O Pleno por unanimidade,

ACORDOU:

1º.-Nomear fillo predilecto deste Concello ó Doutor D. Xose Peña Guitian.

2º.-Pedir documentación a D. Luís Fernando Quiroga y Piñeyro, para nomealo fillo predilecto ou fillo adoptivo deste Concello.

3º.-Pedirlle documentación os herdeiros de D. Alfonso Cela Celita (toureiro), así como os herdeiros de D. Ramón Piñeiro (escritor e historiador), o obxecto de nomealos fillos predilectos ou fillos adoptivos.

4º.-Pedirlle documentación os herderios de D. Jose Cela Miguez, para iniciar o expediente de nomeamento de fillo predilecto.

5º.-Facultar ó Sr. Alcalde para levar a cabo tódolos trámites relacionados con este asunto.

15.-SOLICITUDE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA MAQUINARIA PARA ARRANXO DE CAMIÑOS.

Vista a a moción do Sr. Alcalde.

Vista a memoria valorada de bache de varias pistas do Concello de Láncara:

- Pista de Seteventos a Toldaos
- Pista de Toldaos a Monseiro.
- Pista de Busto o Furco (pasando por Casablanca).
- Pista de Bandedusaos a Golas.
- Pista de Couto a Bande (pontón de Rodríguez)

Redactada polo Enxeñeiro Técnico D. Oscar Iravedra Portela col. Nº 871, que xa obra na Deputación

Visto que por parte do Concelleiro do PSG-PSOE D. Pablo Rivera Capón , manifesta que o seu grupo político esta en total acordo en que se mellaren os camiños do Concello e se solicite a maquinaria a Excma. Deputación de Lugo, estando dispostos a prestar a súa colaboración en todo o que faga falta, ó igual que xa se fixo para a subvención da terneira galega, pero que se debería contar tamen con eles para a inclusión de obras a reparar, postura que mantén igualmente o voceiro do partido D. Dario A. Piñeiro López.

Por parte o Sr. Alcalde manifestalle que se fixo unha memoria das necesidades máis importantes dentro do Término Municipal, independente do sitio donde se atopen as obras, pero non hai inconveniente en que chegado ó lugar si hai outras necesidades tamen se fagan, xa que non se trata dun proxecto pechado.

O Pleno por unanimidad, o votar a favor os 11 Concelleiros da Corporación,

ACORDOU:

1º.-Prestar aprobación a Moción do Sr. Alcalde.

2º.-Solicitar a maquinaria a Excma Deputación Provincial.

3º.-Incluir outras obras que sexan necesarias e non figuren na memoria e que podan propoñer os outros grupos políticos.

4º.-Facultar ó Sr. Alcalde para levar a cabo tódolos trámites relacionados con este asunto.

16º.-MOCIÓNS:

-MOCIÓN DO GRUPO DE GOBERNO, RELATIVA AO MANTEMENTO DO NIVEL DE INVESTIMENTO NO PLAN DE OBRAS E SERVIZOS.

Vista a moción epigrafiada.

Visto que polo Concelleiro do PSG-PSOE, D. Pablo Rivera Capón pon de manifesto que o seu grupo vai votar en contra porque a Deputación está estudando este tema, pero non ten a resolución concreta.

Sometido o asunto a votación, o Pleno por maioría absoluta o votar a favor os 6 Concelleiros do equipo de goberno (5 do P.P. e 1 do CDL) e en contra 5: 4 do PSG-PSOE e 1 do BNG.,

ACORDOU:

1º.-Presar aprobación a moción.

2º.-Remitir certificación deste acordo a Excma Deputación Provincial de Lugo, xunto con copia da moción.

3º.-Facultar ó Sr. Alcalde para levar a cabo tódolos trámites relacionados con este asunto.

-MOCION DO PARTIDO POPULAR, SOBRE O SERVIZO MUNICIPAL DE AXUDA NO FOGAR.

Vista a moción epigrafiada.

Visto que polo Concelleiro do PSG-PSOE, D. Pablo Rivera Capón pon de manifesto que o seu grupo vai votar en contra porque recentemente asigneuse un convenio entre as catro Deputacións Provinciais e o Presidente da Xunta, polo que non lle parece momento de tratar este asunto, xa que se está tratando en esferas máis altas, as partes afectadas.

Por parte do Sr. Alcalde manifesta que é unha moción tipo do partido e que se vai a tratar.

Sometido o asunto a votación, o Pleno por maioría absoluta ó votar a favor os 6 Concelleiros do equipo de goberno (5 do P.P. e 1 do CDL) e en contra 5: 4 do PSG-PSOE e 1 do BNG.,

ACORDOU:

1º.-Pretar aprobación a moción.

2º.-Remitir certificación deste acordo a Xunta de Galicia, Consellería de Traballo e Benestar e a Excma Deputación Provincial de Lugo, xunto con copia da moción.

3º.-Facultar ó Sr. Alcalde para levar a cabo tódolos trámites relacionados con este asunto.

-MOCION DO PARTIDO POPULAR SOLICITANDO A DIMISIÓN DO PRESIDENTE E VICEPRESIDENTE PRIMEIRO DA DEPUTACIÓN DE LUGO.

Vista a moción epigrafiada.

Visto que polo Concelleiro do PSG-PSOE, D. Pablo Rivera Capón pon de manifesto que o seu grupo vai votar en contra porque esta moción xa se tratou na última sesión celebrada na Deputación, onde xa quedou claro a non vinculación da Deputación a esta nota informativa, polo que non lle parece de recibo tratala tamen no Concello.

O voceiro do BNG D. Carlos S. López Sierra manifesta que isto xa está suficientemente claro e xa se demostrou quen a pagou, polo que considera igualmente impropio tratar esta moción.

Por parte do Sr. Alcalde manifesta que é unha moción tipo do partido e que se vai a tratar.

Sometido o asunto a votación, o Pleno por maioría absoluta o votar a favor os 6 Concelleiros do equipo de goberno (5 do P.P. e 1 do CDL) e en contra 5: 4 do PSG-PSOE e 1 do BNG.,

ACORDOU:

1º.-Prestar aprobación a moción.

2º.-Remitir certificación deste acordo a Excma Deputación de Lugo.

17º.-ROGOS E PREGUNTAS.

ROGOS:

Por parte do Concelleiro do PSG-PSOE, D. Dario A. Piñeiro López **Roga** que a veciña de Láncara Xisela López Alvarez garcias a ela estase coñecendo Láncara en todo España como consecuencia da propaganda do programa “adopta un pueblo” deberíasele recoñecer esta labor.

Por parte do Sr. Alcalde e do Concelleiro de Cultura D. Andres Caballero López, ponselle de manifesto que chega tarde, xa que se levan facendo inmensas xestións co responsable deste programa e xa se ten asignado un convenio de colaboración.

Roga que segunda a noticia publicada onte na Voz de Galicia o Colexio de Pobra de S. Xiao se lle vai retirar unha unidade por falta de pequenos, polo que se deberían facer xestións para evitar que se suprimira esta unidade.

Por parte do Sr. Alcalde e do Concelleiro de Cultura D. Andres Caballero López, ponselle de manifesto que unha vez máis chega tarde, xa que no día de onte o Sr. Alcalde xunto co Director, Secretario e Conserxe do Colexio andiveron buscando dous nenos para chegar o número necesario para que non se reduza unha unidade, cousa que xa conseguiron.

Roga que a xente se queixa que nos maceteiros de diante do Concello non teñan plantas e flores.

Por parte do Sr. Alcalde contestaselle que si non as roubaran habería plantas e flores, que de todos modos poderían estar mellor, que se intentará arranxalos.

Polo Concelleiro do BNG D. Carlos S. López Sierra **Roga** que se señalice a Ponte Romana de Carracedo, xa que hai moita xente que se pasa por no estar sinalizado.

Respostandolle o Sr. Alcalde que se intentará sinalizar, solicitando autorización a Comunidade Autónoma, xa que donde hai que poñer o sinal a estrada pertence a Xunta de Galicia.

PREGUNTAS:

¿Cando se continua co desatascos dos tubos de Toldaos, xa que seguen totalmente obstruídos si hai unha riada a primeria casa que leva e a miña?.

Respostandolle o Sr. Alcalde que agora non hai persoal, que é coñecedor que eli se estivo traballando co persoal de cooperación e que se poñerá en contacto co encargado, José Luis Varela. para saber como estan os traballos.

E non habendo máis asuntos que tratar, dase por rematada a sesión, por orden do Sr. Alcalde-Presidente, sendo as trece horas corenta e cinco minutos, extendéndose a presente acta que como Secretario, certifico.